



DECLARACIÓN RESPONSABLE RESERVA TEMPORAL DE VÍA PÚBLICA

Reserva da vía pública para mudanzas e colectores ou sacos para recollida de entrollos, por un período de tempo máximo de 5 días consecutivos, e sen afección ó tráfico de vehículos e persoas.

DATOS DA PERSONA DECLARANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			DNI/NIF:
ENDEREZO:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		DNI/NIF:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

DECLARA

NOVA SOLICITUDE PRÓRROGA

Co obxecto de poder realizar as obras amparadas na licenza / comunicación de (marcar se procede):

Comunicación núm. _____ Obra menor núm. _____ Obra maior núm. _____

Consistentes en _____
Mudanza (inclúe plataforma) Colector entrollos

SITUACIÓN:

ZONAS DE OCUPACIÓN ① (marcar as que procedan)	DIMENSIÓNS ② (deberá ser a mínima necesaria)	
Zona aparcamento	metros de ancho por	metros de longo
Beirarrúa	metros de ancho por	metros de longo
Zona peonil, mixta ou sen beirarrúa	metros de ancho por	metros de longo

Enderezo: _____ núm. _____

TEMPO DE OCUPACIÓN ③:

Dende o día _____, ata o día _____, dende as _____ horas, ata as _____ horas.

TIPO DE VEHÍCULO/S	MATRÍCULA/S	PESO MÁX.

SINALIZACIÓN: ¿Necesita que o Concello sinalice a reserva solicitada?

NON ④. O propio solicitante sinalizará a zona de ocupación con unha antelación de 48 horas.

SI. Deberase presentar esta instancia con unha antelación de 5 días hábiles

COA FIRMA DESTA DOCUMENTO, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE CUMPRO CON TODOS OS REQUISITOS ESIXIDOS NO REVERSO DESTA IMPRESO E DE MAIS NORMATIVA APLICABLE.

Lugo, _____ de _____ de _____

Asdo.: A PERSOA DECLARANTE

A presentación no tempo e na forma desta DECLARACIÓN RESPONSABLE coa documentación indicada permite a reserva da vía pública para elementos non fixos que non necesiten de proxecto de instalación ou vehículos, por un período máximo de 5 días consecutivos, e sen afección ó tráfico de vehículos ou persoas, salvo que se efectúe oposición ou denegación da mesma por parte do Concello.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta declaración responsable, determinará a anulación da mesma e a imposibilidade da reserva de vía pública solicitada; todo elo sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais ás que procedese.

Cando se afecte á circulación de vehículos ou persoas, independentemente da súa duración, deberase tramitar mediante a OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA correspondente.

INSTRUCCIÓN

Esta instancia deberá presentarse cunha **antelación mínima de 2 días hábiles** ó previsto para a reserva de vía pública. No caso de que o solicitante necesite que o concello de Lugo realice a sinalización da mesma, o prazo de presentación será de **5 días hábiles**. Este prazo poderá verse modificado por circunstancias especiais que determine o departamento encargado do seu informe e tramitación.

Dentro da **zona PEPRI** non se poderá ocupar a vía pública nas fines de semana e días festivos. No caso necesario deberase tramitar mediante a OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA correspondente.

- ① **ZONAS DE OCUPACIÓN.** Non se poderá afectar á circulación de vehículos e persoas. Enténdese por afección a vehículos cando se invada algún carril de circulación. E por afección a peóns, cando se invada a banda peonil libre segundo se establece na normativa de accesibilidade vixente.
- ② **DIMENSIÓN DA OCUPACIÓN:** O espazo solicitado deberá ser o mínimo necesario para realizar os traballos.
- ③ **TEMPO DE OCUPACIÓN:** O período de reserva solicitado non poderá superarse en ningún caso. De ser necesario ampliar o tempo de ocupación deberase realizar unha nova solicitude ou de prórroga da xa concedida.
- ④ **A SINALIZACIÓN** da reserva de vía pública realizarase con unha antelación mínima de **24 horas**, mediante dous valos, un ó inicio e outro ó final da reserva, situados de forma perpendicular á zoa de aparcamento ou beirarrúa, sen impedir o tránsito de vehículos ou persoas e con unha sinal de prohibido parar e estacionar e un cartel indicando a dimensión e tempo de ocupación.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ DE ACHEGAR COA INSTANCIA

- Identificación dos interesados ou representante mediante Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.
- Acreditación, se é o caso, da representación cando se actúe en nome de outra persoa física ou xurídica.
- **Plano, fotografía ou esquema** (pode ser realizado a man) indicando, de forma inequívoca, o **lugar e dimensións** da ocupación.
- Copia da licenza municipal ou comunicación de obra que autorice a realizar os traballos (se procede).
- Xustificante de pago da taxa correspondente por aproveitamento especial da vía pública segundo a ordenanza fiscal vixente. **Mudanzas modelo 153. Colectores modelo 152.**
- No caso de que se trate de unha **prórroga** de unha reserva xa presentada, non será necesario presentar de novo toda a documentación, será suficiente con acompañar unha copia da primeira solicitude e a taxa correspondente á prórroga solicitada. A ocupación total non poderá superar os 10 días hábiles.

O DECLARANTE, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que posúe un seguro de responsabilidade civil vixente da empresa que realice os traballos, que ampare os riscos sobre as persoas e bens, a os efectos dos danos que se poidan producir.
- A veracidade e precisión dos datos aportados á Administración municipal.
- Axustarse ás condicións da declaración responsable, así como ao cumprimento dos requisitos que lle sexan esixibles segundo as normativas vixentes que resulten aplicables (traballadores, vehículos, etc.).
- Posuir as autorizacións necesarias, aportadas pola Administración ou terceiros que poideran verse afectados polo desenvolvemento do solicitado, que deberán mostrarse en todo momento ó persoal municipal que as requira.

Así mesmo, a documentación antes mencionada conterá as medidas correctoras de protección colectiva necesarias para protexer os viandantes das posibles caídas de material, ferramentas ou calquera outro elemento á vía pública, avalada e dirixida por persoal técnico competente.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@concellodelugo.org
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e atopa o seu fundamento na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en materia do Gabinete de Tráfico da Policía Local. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).